

22.03.2011



Ler en castelán 

## *Carta aos mozos recentemente confirmados*

Queridos xóvenes

Ao recibir o Sacramento da Confirmación, acabades de dar un novo paso no camiño cristián da vosa vida. Este paso confirma o que recibistes no Bautismo. Naquel momento fostes feitos fillos de Deus e discípulos de Xesús; incorporados á Igrexa para ser no medio do mundo testemuñas do amor de Deus para con todos os homes e mulleres.

Polo sacramento da Confirmación quedastes vinculados máis perfectamente á Igrexa. O Espírito Santo enriquecevos cunha fortaleza especial para que, de palabra e de obra, sexades difusores e defensores da fe como verdadeiras testemuñas de Cristo.

Para vós, o recibir hoxe a Confirmación supuxo un reencontro coa Igrexa. Agora, por este Sacramento, o mesmo Cristo deuvos o Espírito Santo, para que como discípulos seus, continuedes o seu camiño e sintades que a vida do Señor está en vós.

Neste ano 2011 imos vivir con toda a Igrexa un acontecemento extraordinario. Do 16 ao 21 de agosto en Madrid, celebraremos a **XORNADA MUNDIAL DA XUVENTUDE**. O Santo Pai Benedito XVI estará connosco e con todos os xóvenes para iluminar as nosas vidas coa Palabra de Xesús, para confirmar e animar a nosa fe e a nosa misión no mundo: dar a coñecer a Xesús.

Por iso pídoche que participes neste encontro e, como testemuña de Xesús, ti mesmo animes a outros. Que estas Xornadas sexan, pola forza do Espírito Santo e o testemuño dos xóvenes, un motivo de esperanza e de alegría para todo o mundo.

+ Luís Quintero Fiuza  
BISPO DE TUI-VIGO